



# PLAN DIXITAL

C.E.I.P. Santa Irene  
2023-2024

[Versión 2.0 setembro 2023]



# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro p. 2
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro p.2
- 1.3. Breve xustificación do mesmo p.4
- 1.4. Proceso de elaboración p.5

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais p.5
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO p.11
- 2.3. Análise DAFO p.13

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións p.17
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas p.32

## 4. Avaliación do PD. Seguimento do Plan de Acción p.32

## 5. Difusión do PD p.33

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

|                     |   |                      |              |
|---------------------|---|----------------------|--------------|
| <b>Nome</b>         | C.E.I.P. Santa Irene  | <b>Código centro</b> | 15013977     |
| <b>Dirección</b>    | Campo Santa Irene s/n<br>15970 - Porto do Son - A Coruña  | <b>Teléfono</b>      | 881-66-68-54 |
|                     |   | <b>Fax</b>           | 881-66-68-55 |
| <b>Correo</b>       | ceip.santairene@edu.xunta.es  |                      |              |
| <b>Páx. web</b>     | <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantairene/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantairene/</a>                         |                      |              |
| <b>Aula Virtual</b> | <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantairene/aulavirtual/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantairene/aulavirtual/</a> |                      |              |

| <b>Niveis que imparte</b>                                 | Educación Infantil  | Educación Primaria |
|---|---|--------------------|
| <b>Nº unidades</b><br>(O. 15/07/2019, DOG 29-VII)         | 3   | 7                  |
| <b>Nº alumnos</b><br>(curso 2020-2021)                    | 36  | 124                |
| <b>Postos de traballo</b><br>(O. 26/07/2022, DOG 12-VIII) | 4EI, 7EP, 2FI, 1FF, 1EM, 1EF, 1PT, 1ALC, 1 OC<br>(Non cuberto neste curso un posto de EI. Asignado neste curso un posto de AL provisional, fóra de catálogo. Todos os postos restantes cubertos con profesorado con destino definitivo) |                    |

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O C.E.I.P. Santa Irene está situado na localidade de Porto do Son, capitalidade do concello de Porto do Son, na comarca do Barbanza, con 9155 habitantes segundo os últimos datos do padrón correspondente a xaneiro de 2022 (constatándose unha perda de poboación constante desde o ano 2006, cando había empadroados 10025 habitantes). No concello predomina a actividade socio-económica no sector primario, subsector marítimo-pesqueiro e subsectores agrícola e gandeiro, así como actividades do sector secundario (principalmente, industrias de transformación) e de servizos (administrativos e hostalería) derivados da súa condición de cabeza de concello. Moitos habitantes atopan a súa actividade laboral nas localidades limítrofes de Noia e Ribeira.

Ademais deste centro educativo, no concello hai colexios nas zonas de maior poboación escolar, como son Portosín, Xuño, Nebra e Baroña, nos que se escolariza o alumnado correspondente nas etapas de Educación Infantil e Primaria; así como diferentes escolas de educación infantil -unitarias-, sendo destas a máis relevante para nós a de Queiruga, pois dela recibimos alumnado para cursar a Educación Primaria. Un IES acolle desde o 1996 ao alumnado de educación secundaria e bacharelato do termo municipal.

A nivel de dotacións de espazos culturais e de lecer, destacar a existencia de casas de cultura municipais nos núcleos poboacionais máis relevantes, destacando para nós a emprazada nas proximidades do colexio, que é aproveitada polo alumnado non só para aquelas actividades organizadas polo concello ou diferentes institucións e asociacións -cun papel destacado dentro destas últimas para a A.N.P.A. do colexio-, senón tamén para a celebración de festivais ou actuacións de diferentes tipos organizadas polo centro, ou visitas a exposicións de interese dentro da planificación das actividades complementarias. No mesmo edificio emprázase a Biblioteca Municipal, aproveitada tamén como recurso por parte dos alumnos deste centro. Destácase tamén a existencia dunha Ludoteca Municipal, onde se organizan diferentes actividades para os nenos ao longo de todo o ano. Dentro da oferta cultural do concello, deben destacarse tamén o Centro de Interpretación do Castro de Baroña e o Museo da memoria mariñeira "Marea".

O polideportivo municipal emprazado ao carón do colexio (de feito, nun espazo que anteriormente formaba parte do recinto escolar e que no seu momento foi desafectado para a construción do mesmo) é empregado polo centro dentro do horario lectivo ben para as clases de Educación Física, ben para a celebración de festivais ou outras actividades colectivas de lecer.

O idioma predominante na zona é o galego, coas características dialectais propias da zona, como son o seseo e a gheada. En ocasións vén ser substituído polo castelán sobre todo dentro do núcleo urbano no que nos atopamos, creando unha situación diglósica que, desde o centro escolar, pretendemos evitar.

A posibilidade de conexión a internet por fibra límitase a unhas poucas rúas do casco urbano (ofertada polas operadoras R e Orange), tendo que contentarse no resto do termo municipal no mellor dos casos a conexión por cobre (ADSL con velocidade máxima de ata 20Mbps de baixada e ata 800 kbps de subida). A nivel de conexión por rede móbil, non existe cobertura 5G, pero neste último ano a conexión mediante 4G pode abrangue a todo o termo municipal (se ben con pequenas zonas de sombra) cun bo nivel de sinal de cobertura.

Desdeo ano 2022, e dentro do proxecto #WiFi4EU, o Concello ofrece a posibilidade de conectarse a unha rede WIFI gratuíta en diferentes espazos públicos -entre eles, e na nosa localidade, a biblioteca de Porto do Son e a Praza de España- identificada como #WiFi4EUPortoDoSon.

Máis de vinte anos separan o presente Plan Dixital da primeira "protoaula" de informática que se quixo montar no centro aproveitando un espazo baleiro e cos únicos tres equipos existentes no centro que se podían dedicar a tal fin, a comezos do curso 2000-2001. A conexión a internet tería que agardar un ano máis, cando a Administración Educativa procedeu a instalar puntos de rede na sala de mestres, biblioteca, departamento de orientación, dependencias administrativas (dirección, secretaría e xefatura de estudos) e no espazo que se ía a dedicar a partir dese momento a aula de informática, dotada de dezaseis puntos de rede (que, dada a carencia de equipos, nunca puideron ocuparse todos). En 2011, dentro do programa Abalar, dotouse dun punto de conexión á aula 2.6, do terceiro ciclo, á que seguirían dentro do mesmo programa e no curso 2015-2016 as restantes aulas de 5º e 6º de primaria (2.7, 2.8, 2.9); é nese curso cando, dada a inacción da Administración ao respecto, o centro acomete a instalación de puntos de conexión a internet nas restantes aulas do centro, supoñendo un investimento importante con cargo aos seus gastos de funcionamento. No curso 2017-2018, a

Administración dotou ao centro dunha instalación WIFI; e a finais do ano 2021 procedeuse a substituír a conexión por cobre pola fibra.

En cumprimento do disposto no artigo 6.5 do **Decreto 130/2007**, do 28 de xullo, (ver punto seguinte) constitúese no centro por primeira vez o equipo de dinamización das tecnoloxías da información e da comunicación no curso 2009-2010. A pesar de que desde a Administración non se contemplou ningún tipo de liberación horaria ou outro tipo de recoñecemento nin para os integrantes do equipo nin para o dinamizador do mesmo, estes veñen encargándose desde esa data, e na medida das súas posibilidades e capacidades, de todas as tarefas de mantemento e asesoramento requiridas para o bo desenvolvemento da competencia dixital.

Durante o curso 2021-2022 procedeuse á redacción do Plan Dixital do centro, segundo o disposto nas Resolucións da Secretaría Xeral de Educación e Formación profesional de datas 17 de xuño de 2021 (DOG 30-VI) e 3 de setembro de 2021 (ver punto seguinte). O dito plan, presentado e aprobado polo claustro e consello escolar do centro en sesións celebradas o 30 de xuño de 2022, foi implementado ao longo do curso 2022-2023, presentando o informe de seguimento, grao de consecución de obxectivos, avaliación e propostas de mellora en sesións de claustro e consello escolar celebradas o 30 de xuño de 2023.

Da traxectoria anterior deriva o Plan Dixital que agora se presenta e que pasa a integrarse no Proxecto Educativo do Centro, en conxunción co Plan de Introducción das TICs, revisado anualmente e inserido nas correspondentes programacións xerais anuais de centro. Ao mesmo tempo, deberá integrar a Programación Xeral Anual correspondente ao presente curso, e ser tido en conta á hora da súa redacción.

### 1.3. Breve xustificación normativa

A **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación (LOE), (BOE 4-V), referíndose á Educación Infantil, establece no seu artigo 14.5 que nesta etapa, se fomentará unha primeira aproximación ás tecnoloxías de información e comunicación; no artigo 16.i establece como obxectivo da educación Primaria a iniciación na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación (TICs), sinalando, no seu artigo 19.2, que as ditas tecnoloxías se traballarán en todas as áreas. Establece a obriga para a Administración Educativa de fornecer tanto aos centros como ao profesorado dos recursos e formación necesarios ao respecto (arts. 110, 102, 112.2, 157).

A **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), (BOE 10-XII), modifica diferentes aspectos da anterior, pero mantén o establecido en relación ás TICs, incorporando un artigo 111.bis, dedicado ás Tecnoloxías da Información e a Comunicación. (ver arts. 14, 17.i, 19.2, 102, 110, 111.bis, 112 ou 157).

Tamén a nova **Lei Orgánica 3/2020**, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 3/2006 de Educación (LOMLOE), (BOE 30-XII), recolle os aspectos anteriores (ver arts. 8, 9 bis, 10, 55 nonies, 56 bis, 57 e 58, entre outros).

O **Decreto 330/2009**, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23-VI), establece como un dos obxectivos da etapa, no seu artigo 4.i, o achegamento do alumnado ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación, fornecendo experiencias de iniciación temperá nas ditas tecnoloxías (art 6.3),

que son incluídas no bloque nº 3, "Linguaxe audiovisual", da área de "Linguaxes: comunicación e representación".

O anterior é derogado polo **Decreto 150/2022**, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 9-IX), que establece no seu artigo 8 como competencia clave da etapa a competencia dixital (CD), desenvolvida no Anexo I do decreto, onde se incorpora, dentro da área de comunicación e representación da realidade, o bloque 9 "Alfabetización dixital".

O **Orde de 30 de maio de 2023** pola que se desenvolve o anterior decreto 150/2022 (DOG 13-VI) establece no seu artigo 12 a obriga de contar, dentro dos plans educativos do centro, cun Plan Dixital, desenvolvido este no artigo 15.

O **Decreto 130/2007**, do 28 de xullo, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 9-VII) establecía como obxectivo desta etapa Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación (art 3.i), e, no artigo 6.5, a obriga para os centros de realizar un Plan de Introducción das tecnoloxías da información e da educación segundo as directrices indicadas no seu Anexo V, que debería ser incorporado ao correspondente proxecto educativo do centro (regulado nos arts. 121 e 132 da L.O. 3/2006).

Polo **Decreto 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 9-IX), derógase o anterior, dedicándolle o artigo 19 á Educación Dixital, establecendo no seu punto 1 que "a consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe".

O anterior é derogado polo **Decreto 155/2022**, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 26/IX), que dedica o artigo 34 á educación dixital, establecendo no art. 34.1 que os centros deben contar con plan dixital incluído no seu proxecto educativo.

A **Orde de 26 de maio de 2023**, pola que se desenvolve o anterior decreto, (DOG 13/VI), establece no seu artigo 11 a obriga de contar, dentro dos plans educativos do centro, cun Plan Dixital, desenvolvido este no artigo 14.

A comezos do curso 2021-2022, a disposición adicional quinta da **Resolución do 17 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022 (DOG 30-VI), establece que todos os centros elaborarán durante o curso sinalado un plan dixital de acordo coas instrucións que se diten; sendo estas reguladas mediante a **Resolución do 3 de setembro de 2021**, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

## 1.4. Proceso de elaboración

O presente Plan Dixital foi elaborado durante o mes de setembro de 2023 polo equipo de dinamización das TICs (equipo de Dinamización do Plan Dixital, segundo a denominación indicada no apartado 4 da Resolución de 3 de setembro de 2021) constituído no noso centro, por décimo quinto ano consecutivo, a comezos de curso, e sobre o que recaeu a tarefa de elaboración do mesmo.

Na súa elaboración partiuse do anterior Plan dixital, elaborado durante o curso 2021-2022 e implementado no 2022-2023, así como dos resultados da avaliación e propostas de mellora do mesmo, presentadas e aprobadas polo claustro e consello escolar reunidos en sesións celebradas o 30 de xuño de 2023. As mesmas formaron parte da memoria final do curso 2022-2023 e presentadas para a súa difusión na páxina web do centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantairene/?q=node/501>)



## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### CONECTIVIDADE.-

-Teléfono por 'centralita'. Ademais do número xenérico sinalado no punto 1.1, os números 881866852 e 881866853 comunican directamente coa dirección e a secretaría do centro, por esta orde. No primeiro andar está instalada unha extensión con teléfono sen fíos para comunicación co departamento de orientación e aulas correspondentes.

-Desde o ano 2016, todas as dependencias do centro, a excepción de dúas dependencias nas que non se considerou necesario, dispoñen de conexión a internet por cable.

-No curso 2017-2018 dotouse ao centro de conectividade WIFI en todos os seus espazos, instalando dez terminais de acceso sen fíos ARUBA nas dependencias identificadas como aula de música, aula Inglés/vídeo, aula 1.3, aula 1.5 e titoría EI (planta baixa); e aulas 2.2, 2.4, 2.5, 2.7 e 2.8 (primeiro andar).

-A finais do ano 2021 procedeuse a dotar ao centro de conexión mediante fibra, cuns resultados non moi satisfactorios, como se exporá no punto 3.2.

**EQUIPAMENTO.-** Nas táboas seguintes indícase o diferente equipamento informático co que contamos no centro, ordenado segundo a súa finalidade e dependencia na que se atopa. En todas as celas séguese a orde de CPU (indicando modelo - tipo de procesador - memoria RAM - capacidade disco duro - sistema operativo) - monitor que a acompaña (modelo, tecnoloxía e polgadas) - outros periféricos (impresoras e escáneres, principalmente).

Nalgunhas das táboas faise referencia ao número de equipos que responden ás características indicadas. Se non se indica, quere dicirse que só hai un equipo.

Na columna ANO identifícase o ano no que o material entrou no centro, tendo en conta as observacións que indicamos no parágrafo seguinte.

Todo o material corresponde a dotación enviada pola Administración Educativa, coas seguintes excepcións indicadas na columna OB (Observacións):

\*.- Material adquirido polo centro con cargo aos gastos de funcionamento, respectando o disposto no **Decreto 201/2003**, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios (DOG 4-IV) e disposicións que o desenvolven.

\*^.- material de 2ª man -equipos reacondicionados- adquirido polo centro con cargo aos gastos de funcionamento.

D.- Material correspondente a doazóns de distinta procedencia (ANPA, particulares, editoriais, outras institucións e administracións,...)

D^.- Material correspondente a doazóns de material de 2ª man e, polo tanto, cunha antigüidade superior á indicada na columna ANO (en concreto, no caso das CPUs, e tendo en conta o tipo de procesador e outras características técnicas, pode datarse ao redor do ano 2010).

P.- Equipo portátil.

Todas as aulas dispoñen de conexión a internet por cable, e dispoñen de posibilidade de visualización e interacción por estar dotadas dun posto informático, con encerado dixital e

proyector de vídeo ou; no caso das aulas de Educación Infantil e cursos de 1º a 4º de EP (identificadas como 1.1, 1.2, 1.3, 1.4, 1.5, 1.6 e 2.5), desde o mes de maio de 2023 contan de equipos integrados por un panel interactivo de 75" e módulo OPS con procesador i5. Exceptúanse do anterior as aulas de PT, AL e a identificada como 2.4 -non empregada neste curso-, dotadas só de conectividade a internet e ordenador, sen medios de proxección nin encerado dixital. Todas as dependencias do centro contan coa posibilidade de conectarse vía wifi, para o que se dotou a cada unha, durante o curso pasado, dunha conta de usuario do tipo "wifi.usuario.ceip.santairene".

Cóntase, ademais, con vinte e tres equipos ultraportátiles para o seu emprego na aula de informática ou ben de xeito itinerante nas aulas.

| <b>EQUIPAMENTO INFORMÁTICO FUNCIÓN DOCENTE. AULAS.</b> |   |   |  |            |                              |         |
|--|---|---|--|------------|------------------------------|---------|
| <b>Nº Aula</b>   | <b>Equipamento (modelo CPU/ Procesador /RAM /HD / S.O.)</b> |   |  | <b>ANO</b> | <b>OB</b>                    |         |
| <b>Educación Infantil</b>                              | 1.1   | -HP Compaq DC7700P / Intel Core D E4300/ 1Gb / 80Gb / Win XP Pro<br>- Monitor TFT LCD 17" Hyundai T718<br>-Videoproxector Epson EB-570<br>-Panel interactivo TAFELTECH L75EG 75" (Android 11 / 4GB /32GB) +<br>Módulo OPS intregrado (Intel i5 /16Gb / 256 GB SSD) + Webcam Maxhub UC W11 + Teclado con touchpad inarámico Logitech K400 Plus |  |            | 2012<br>2006<br>2016<br>2023 | *^      |
|  | 1.2   | -Comelta Com 2371 / Pentium D 2.8/ 1Gb / 80 Gb / WinXP Pro<br>-Monitor Monitor TFT LCD 17" HP 1740<br>-Videoproxector Epson EB-570<br>-Panel interactivo TAFELTECH L75EG 75" (Android 11 / 4GB /32GB) +<br>Módulo OPS intregrado (Intel i5 /16Gb / 256 GB SSD) + Webcam Maxhub UC W11 + Teclado con touchpad inarámico Logitech K400 Plus     |  |            | 2006<br>2016<br>2016<br>2023 | D^      |
|  | 1.6   | -HP Prodesk 600 G1 / i3 4160 / 4Gb / 500 GB / Win 10 Pro<br>-Monitor TFT LED IPS 23" HP ZR2330W<br>-Videoproxector Epson EMP-83H<br>-Panel interactivo TAFELTECH L75EG 75" (Android 11 / 4GB /32GB) +<br>Módulo OPS intregrado (Intel i5 /16Gb / 256 GB SSD) + Webcam Maxhub UC W11 + Teclado con touchpad inarámico Logitech K400 Plus       |  |            | 2020<br>2020<br>2007<br>2023 | *^<br>* |
| <b>Educación Primaria</b>                              | 1.3   | -HP Compaq DC7700P / Intel Core D E4300/ 1Gb / 80Gb / Win XPro<br>- Monitor TFT LCD 17" Hyundai T718<br>-Videoproxector Epson EMP-83H<br>-Panel interactivo TAFELTECH L75EG 75" (Android 11 / 4GB /32GB) +<br>Módulo OPS intregrado (Intel i5 /16Gb / 256 GB SSD) + Webcam Maxhub UC W11 + Teclado con touchpad inarámico Logitech K400 Plus  |  |            | 2012<br>2006<br>2007<br>2023 | *^      |
|  | 1.4   | -HP PRODESK 600 G2 Mt / i5 4590 / 8Gb / 1 Tb / Win 10 Pro<br>-Monitor LED 21,5" HP EliteDisplay E222<br>-Videoproxector Epson EMP-83H<br>-Panel interactivo TAFELTECH L75EG 75" (Android 11 / 4GB /32GB) +<br>Módulo OPS intregrado (Intel i5 /16Gb / 256 GB SSD) + Webcam Maxhub UC W11 + Teclado con touchpad inarámico Logitech K400 Plus  |  |            | 2016<br>2016<br>2007<br>2023 |         |
|  | 1.5   | -Comelta Com 2371 / Pentium D 2.8/ 1Gb / 80 Gb / WinXP Pro  |  |            | 2006                         |         |

|             |  |  |                      |
|-------------|--|--|----------------------|
|             | - Monitor TFT LCD 17" Hyundai T718<br>-Videoproxector Epson EMP-83H<br>-Panel interactivo TAFELTECH L75EG 75" (Android 11 / 4GB /32GB) + Módulo OPS integrado (Intel i5 /16Gb / 256 GB SSD) + Webcam Maxhub UC W11 + Teclado con touchpad inarámico Logitech K400 Plus   | 2006<br>2007<br><br>2023                 |                      |
| 2.2         | -Comelta Com 2371 / Pentium D 2.8/ 1Gb / 80 Gb / WinXP Pro<br>- Monitor TFT LCD 17" Hyundai T718<br>-Pizarra Multiclass board 78" con altofalantes<br>-Videoproxector Optoma S334E DLP   | 2006<br>2006<br>2016<br>2015             | D                    |
| 2.3         | -Dell Optiplex 740 / Amd Athlon 64x2 5600+ / 1Gb / 150Gb / Win Xp Pro<br>- Monitor TFT LCD 17" Hyundai T718<br>-Pizarra Multiclass Board 78"<br>-Videoproxector Epson EMP-83H  | 2008<br>2006<br>2021<br>2007             | *                    |
| 2.4         | -Monitor TFT LCD 17" Yuraku MJ 7CNA  | 2017                                     | D^                   |
| 2.5         | -HP Prodesk 600 G1 / i5 4890S / 8Gb / 240 GB SDD / Win 10 Pro<br>-Monitor TFT LED IPS 22" HP ZR22W<br>-Pizarra IQ Board<br>-Videoproxector Epson EB-X20<br>-Panel interactivo TAFELTECH L75EG 75" (Android 11 / 4GB /32GB) + Módulo OPS integrado (Intel i5 /16Gb / 256 GB SSD) + Webcam Maxhub UC W11 + Teclado con touchpad inarámico Logitech K400 Plus | 2021<br>2021<br>2016<br>2016<br><br>2023 | *^<br>*              |
| 2.6         | -Portátil HP Probook 6550b / i5 / 4Gb / 300 Gb / Win10 Pro<br>-Pizarra Smartboard SB680V 77"<br>-Videoproxector Benq MX511   | 2011<br>2011<br>2011                     | P                    |
| 2.7         | -Portátil Lenovo L540 / i5 4210m / 8Gb / 480Gb / Win 10 Pro<br>-Pizarra Multiclass Board 78"<br>-Videoproxector Epson EB-570<br>-Impresora multifunción Canon Pixma TS-5150  | 2015<br>2015<br>2015<br>2019             | P<br><br>*           |
| 2.8         | -Portátil Lenovo L540 / i5 4210m / 8Gb / 480Gb / Win 10 Pro<br>-Pizarra Multiclass Board 78"<br>-Videoproxector Epson EB-570   | 2015<br>2015<br>2015                     | P                    |
| 2.9         | -Portátil Lenovo L540 / i5 4210m / 8Gb / 480Gb / Win 10 Pro<br>-Pizarra Multiclass Board 78"<br>-Videoproxector Epson EB-570   | 2015<br>2015<br>2015                     | P                    |
| 2.10 (F.I.) | -HP Compaq DC7700/ Intel Core D 6300 / 4Gb / 80Gb/ Win 7 Pro<br>- Monitor TFT LCD 17" Hyundai T718<br>-Pizarra Hitachi Startboard<br>-Videoproxector Epson EB X20<br>-Impresora multifunción HP Envy 6422  | 2016<br>2006<br>2014<br>2016<br>2021     | D^<br><br>*<br><br>* |
| Lab         | -HP Compaq DC7700/ Intel Core D 6300 / \$Gb / 80Gb/ Win 7 Pro<br>- Monitor TFT LCD 17" OKI HL-711A<br>-Pizarra Smartboard SB480 DViT 77"<br>-Videoproxector Epson EMP 83H  | 2016<br>2016<br>2011<br>2007             | D^<br>D^<br>D        |
| P.T         | -Comelta Com 2371 / Pentium D 2.8/ 1Gb / 80 Gb / WinXP Pro<br>-Monitor Led 22" LG 22N33-S  | 2006<br>2014                             | *                    |

|      |  |                      |     |
|------|--|----------------------|-----|
|      | -Impresora HP Deskjet 2543   | 2014                 | *   |
| A.L. | -Comelta Com 2371 / Pentium D 2.8/ 512Mb / 80 Gb / WinXP Pro<br>- Monitor TFT LCD 17" Hyundai T718<br>-Tablet 10" Huawei T5 Mediapad | 2006<br>2006<br>2019 | *   |
| E.M. | -Portátil HP Elitebook 8470P / i5 / 8Gb / 300Gb/ Win 10 Pro<br>-Pizarra Multiclass Board 78"<br>-Videoproxector Epson EB-570         | 2017<br>2016<br>2016 | P*^ |

### EQUIPAMENTO INFORMÁTICO XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN

| DEPENDENCIA              | Equipamento<br>(modelo CPU/ Procesador /RAM /HD / S.O.)   | ANO  | OB.         |
|--------------------------|---|--|-------------|
| <b>DIRECCIÓN</b>         | -Impresora láser Brother HL - L6250 N<br>-Impresora multifunción Hp Deskjet 2130<br>-HP Probook 450 G8/ i3-115G4 sz3 G11/8Gb/256Gb SSD/ Win10 Pro securizado<br>-Monitor Led 23,8" Acer B247Y Dbmiprczx   | 2016<br>2017<br><br>2022<br>2022   | *           |
| <b>SECRETARÍA</b>        | -HP PRODESK 600 G2 Mt / i5 4590 / 8Gb / 1 Tb / Win 8.1 Pro<br>-Monitor LED 20" HP ProDisplay P201<br>-Compaq EVO / Pentium III / 128Mb / 20Gb / Win Xp Pro<br>-Monitor TFT LCD 17" DELL 1707FP<br>-Impresora láser Brother HL-5250 DN<br>-Impresora HP Deskjet 1010<br>-Escáner Epson Perfection Photo 2480<br>-Hp EliteDesk 800 Gb Destop mini PC/ i5 10500/8Gb/256Gb SSD/ Win1o Pro securizado<br>-Monitor LED 23,8" Hp Elite Display E243m | 2016<br>2016<br>2001<br>2008<br>2006<br>2018<br>2005<br><br>2022<br>2022 | *           |
| <b>XEFATURA ESTUDOS</b>  | -HP PRODESK 600 G2 Mt / i5 4590 / 8Gb / 1 Tb / Win 10 Pro<br>-Monitor LED 20" HP ProDisplay P201<br>-Impresora láser Brother HL - L6250 N<br>-Impresora multifunción Hp Deskjet 3637<br>-Hp EliteDesk 800 Gb Destop mini PC/ i5 10500/8Gb/256Gb SSD/ Win1o Pro securizado<br>-Monitor LED 23,8" Hp Elite Display E243m  | 2016<br>2016<br>2016<br>2016<br><br>2022<br>2022                         | *           |
| <b>DPTO. ORIENTACIÓN</b> | -HP Compaq DC7700P / Intel Core D E4300/ 1Gb / 80Gb / Win XP Pro<br>-Monitor TFT LCD 17" Hyundai T718<br>-Portátil Toshiba Tecra s3 /Pentium M 1,73Mhz/1Gb /40Gb/WinXp<br>-Impresora láser Lexmark E350D  | 2012<br>2006<br>2008<br>2008   | *^<br><br>P |

| <b>EQUIPAMENTO INFORMÁTICO BIBLIOTECA</b> |  |            |            |
|---|--|------------|------------|
| <b>FINALIDADE</b>                         | <b>(modelo CPU/ Procesador /RAM /HD / S.O.)</b>  | <b>ANO</b> | <b>OB.</b> |
| XESTIÓN                                   | -HP M01-F1020NS/ i3 10100 / 8 Gb / 500 Gb / Win 10 Pro<br>-Monitor TFT LCD 19" Philips HWC7190T  | 2021       | *          |
|   |  | 2017       | D^         |
| CONSULTA                                  | -Monitor TFT LCD 17" DELL 1707FP<br>-Acer Aspire XC-895 / i3 / 8Gb / 500 Gb / Win 10 Pro<br>-Monitor TFT LCD 17" Hyundai T718<br>-Impresora láser cor Hp LaserjetPro MFP M176n | 2016       | ^          |
|   |  | 2021       | *          |
|   |  | 2006       |            |
|   |  | 2017       | *          |

| <b>EQUIPAMENTO INFORMÁTICO SALA DE MESTRES</b> |   |            |            |
|--|---|------------|------------|
| <b>Nº</b>                                      | <b>(modelo CPU/ Procesador /RAM /HD / S.O.)</b>                       | <b>ANO</b> | <b>OB.</b> |
| 1  | -Dell Optiplex 745 / Intel Core Duo 6300 / 3Gb / 150Gb / Win 7 Pro    | 2016       | ^          |
| 1  | -Monitor TFT LCD 17" DELL 1707FP                                      | 2016       | ^          |
| 2  | -Dell Optiplex 740 / Amd Athlon 64x2 5600+ / 1Gb / 150Gb / Win Xp Pro | 2008       |            |
| 2  | -Monitor TFT LCD 17" DELL 1707FP                                      | 2008       |            |
| 1  | -HP PRODESK 600 G2 Mt / i5 4590 / 8Gb / 1 Tb / Debian-Linux (Abalar)  | 2016       |            |
| 1  | -Monitor Led 21,5" HP EliteDisplay E222                               | 2016       |            |
| 1  | -Impresora láser Epson EPL-N3000                                      | 2009       |            |
| 1  | -Impresora Hp deskjet 5740  | 2004       | *          |
| 1  | -Escáner Epson Perfection Photo 2480                                  | 2006       |            |
| 1  | -Escáner Hp Scanjet 3300C   | 2000       |            |
| 1  | -Impresora inxección HP Smart Tank 7005                               | 2023       | *          |

| <b>EQUIPAMENTO INFORMÁTICO AULA DE INFORMÁTICA</b> |  |            |            |
|--|--|------------|------------|
| <b>Nº</b>  | <b>(modelo CPU/ Procesador /RAM /HD / S.O.)</b>                            | <b>ANO</b> | <b>OB.</b> |
| 4  | -HP 6300 Pro / i3 3220 / 4Gb / 250Gb / Win 10 Pro                          | 2020       | **^        |
| 4  | -Monitor TFT Led 20" HP 1A-s006X   | 2020       | *          |
| 4  | -Dell i5 2300 / 4Gb / 500 Gb / Win 10 Pro                                  | 2018       | **^        |
| 4  | -Monitor TFT Led 20" Dell P2012H   | 2018       | *          |
| 1  | -Clónico Unika / Intel Core Duo E4600 / 2Gb / 80 Gb/ Debian-Linux (Abalar) | 2017       | D^         |
| 1  | -Monitor TFT LCD 17" Samsung GH17LS  | 2017       | D^         |
| 1  | -Acer Veriton FQ 965M /Intel Core Duo 6600 / 2Gb / 250 Gb / Debian-Linux   | 2017       | D^         |
| 1  | -Monitor TFT LCD 17" Hyundai T718  | 2006       |            |
| 1  | -Clónico / Intel Core Duo E8400 / 2Gb / 160 Gb/ Debian-Linux (Abalar)      | 2017       | ^          |
| 1  | -Monitor TFT Led 20" Dell P2012H   | 2018       | *          |
| 2  | -Comelta Com 2371 / Pentium D 2.8/ 1Gb / 80 Gb / WinXP Pro                 | 2006       |            |
| 1  | -Monitor TFT LCD 17" Acer AL1717B  | 2017       | D^         |
| 1  | -Monitor TFT LCD 17" Hyundai T718  | 2006       |            |
| 1  | -Clónico Marka / Intel Core Duo E4600 / 1Gb / 80 Gb/ Debian-Linux (Abalar) | 2017       | D^         |
| 1  | -Monitor TFT LCD 17" DELL 1707FP   | 2008       |            |
| 1  | -Videoproxector Acer P5530   | 2018       | *          |
| 1  | -Pantalla motorizada Celexon 240x135 cm                                    | 2018       | *          |
| 1  | -Sistema son Home Cinema MX Onda MX HT510                                  | 2017       | D^         |

| <b>EQUIPAMENTO INFORMÁTICO ULTRAPORTÁTIL E/OU ITINERANTE</b>                         |   |            |            |
|--|---|------------|------------|
| <b>Nº</b>  | <b>(modelo CPU/ Procesador /RAM /HD / S.O.)</b>   | <b>ANO</b> | <b>OB.</b> |
| <b>ORDENADORES ULTRAPORTÁTILES ALUMNADO VULNERABLE / ITINERANTE AULA INFORMÁTICA</b> |   |            |            |
| 9  | Portátil Acer Spin B3 11,6" / Celeron N4120 / 8GB / 128 Gb / Debian-Linux                       | 2021       | P          |
| 9  | Router 4G Alcatel Linkzone (tarxetas SIM caducadas)   | 2021       |            |
| 15   | Portátil HP Prox360 Fortis 11" G9 /Celeron N5100 / 8GB / 256 Gb / Debian-Linux (Maqueta Abalar) | 2023       | P          |
| <b>EQUIPAMENTO INFORMÁTICO PARA USO ITINERANTE ou SEN ASIGNAR</b>                    |   |            |            |
| 2  | -Portátil IBM Thinkpad R51/Pentium M 1,60Ghz/512 mb/40 Gb/ WinXpPro SP2                         | 2005       | P          |
| 1  | -Portátil ASUS Z91A / Pentium M730 / 512 mb / 40 Gb / Win Xp Pro SP2                            | 2006       | P          |
| 1  | -Portátil ACER Travelmate 6592G/ Core Duo T7300/ 2Gb/ 160Gb / WinXp Pro                         | 2008       | P          |
| 2  | -Portátil ACER Travelmate 6593/ Core Duo P8600/ 2Gb/ 250Gb / WinXp Pro                          | 2009       | P          |
| 1  | -Cámara WEB Philips PCVL 820K (driver só para XP)   | 2005       |            |
| 2  | -Videoproxector EPSON EMP-745   | 2006       |            |
| 1  | -Videoproxector ACER X110P  | 2011       | D          |
| 1  | -Armario carga ordenadores portátiles Inusual (Prog. Educa en Digital)                          | 2022       |            |
| 1  | -Pizarra Multiclass board 78" con altosfalantes   | 2016       |            |
| 1  | -Pizarra Multiclass board 78"   | 2020       | *          |
| 3  | -Pizarra IQ Board   | 2016       |            |
| 1  | -Pizarra Smartboard Resistiva SB580 72"   | 2005       |            |

(Todos os equipos portátiles destinados a uso itinerante teñen as baterías esgotadas, polo que só poden ser empregados conectados á rede eléctrica).

(Os videoproxectores emprazados nas aulas 1.1, 1.2, 1.3, 1.4, 1.5 e 1.6 poden ser asignados a outras dependencias segundo a necesidade do centro, dado que se instalaron en 2023 novos sistemas de pantallas interactivas que veñen a substituír o equipamento existente ata o momento de encerado dixital máis videoproxector).

En relación coa **xestión do mantemento do equipamento** arriba sinalado, entendendo por tal tanto o mantemento e actualización do *software* e reparación de avarías, vén sendo desde fai anos tarefa asumida polo equipo de dinamización das TICs, en especial polo coordinador do mesmo, recorrendo, na medida do posible, á substitución das partes e/ou pezas avariadas por outras procedentes de outros equipos en desuso (principalmente, por avaría noutros compoñentes).

**SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS.-** O centro conta, desde o curso 2009-2010, con páxina web. A aula dixital foi implementada no curso 2019-2020 e, desde ese momento, en permanente actualización. No apartado 1.1 poden consultarse as ligazóns ás mesmas.

Tamén conta con servizo AbalarMóbil para a comunicación coas familias.

Dadas as limitacións da páxina web do centro, desde o segundo trimestre do curso 2022-2023, conta con páxinas nas redes sociais *Facebook* (<https://es-es.facebook.com/people/Santa-Irene-Ceip/100090449798151/>) e *Instagram* (<https://www.instagram.com/ceip.santairene/>), nas que se dá conta das actividades complementarias e extraescolares celebradas polo centro, tendo en conta a lexislación vixente relativa á protección de datos e dereitos de imaxe.



## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

-Plan dixital 2022-2023, en especial o documento “Informe do grao de consecución dos obxectivos, seguimento das accións, seguimento trimestral, avaliación e propostas de mellora”, presentado ao claustro e consello escolar do centro en sesións de 30 de xuño de 2023, inserido na Memorial final anual e presentado na páxina web do centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantairene/?q=node/523>).

-A análise do contexto, a análise das infraestruturas do centro, ou a experiencia adquirida ao longo destes vinte e tres anos de implementación das TICs no centro, reflectida nestes doce últimos nas correspondentes programacións xerais anuais e memorias finais do equipo de dinamización das TICs, complementan a información obtida a partir dos instrumentos anteriormente presentados.

## 2.3. Análise DAFO

A análise DAFO (iniciais de Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Debilidades), nacida no mundo empresarial e actualmente de uso xeneralizado para a valoración de todo tipo de organizacións e institucións, permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

| INTERNOS   |                               | FORTALEZAS   | DEBILIDADES   |
|------------|-------------------------------|--|---|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS / EQUIPAMENTO | <p>Coas limitacións anotadas en DEBILIDADES:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1.- Todas as aulas contan con acceso a internet.</li> <li>2.- Aulas dotadas cun ordenador, proxector de vídeo e encerado dixital (agás PT, AL e 2.4).</li> <li>3.- Aula de informática operativa.</li> <li>4.- Vinte e tres ordenadores ultraportátiles para o seu emprego ben na aula de informática, ben de xeito itinerante.</li> </ol>   | <ol style="list-style-type: none"> <li>1.- Presenza de equipos obsoletos en catro dependencias (PT, AL, D.O. e aula 2.2).</li> <li>2.- Aula de informática con só 16 puntos de conexión a internet.</li> <li>3.- Aula informática con só 14 equipos operativos (cinco moi antigos).</li> <li>4.- Ferramentas corporativas pouco eficientes e pouco adaptadas para o traballo nos cursos de EI e iniciais de EP.</li> <li>5.- O centro inviste no mantemento e actualización dos equipos, respectando o disposto na normativa ao respecto.</li> </ol>              |
|            | PERSONAL DOCENTE              | <ol style="list-style-type: none"> <li>1.- En xeral, profesorado moi motivado para o emprego das TICs e a innovación educativa.</li> <li>2.- En xeral, cunha competencia dixital suficiente para a aplicación das TICs no proceso educativo en EI e EP.</li> <li>3.- Emprega as tecnoloxías dixitais para comunicarse coas familias (correo electrónico, Abalar Móbil, páxina Web do centro, Facebook, Instagram,...)</li> <li>4.- Nos cursos superiores de EP, vén empregando a Aula virtual desde fai tres cursos.</li> <li>5.- Desde hai anos, ten incorporadas con normalidade as tecnoloxías dixitais no proceso de ensino/aprendizaxe, adaptando o seu emprego ás características do alumnado correspondente.</li> </ol> | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. - Sentimento xeneralizado da pouca valoración do seu esforzo por parte da Administración.</li> <li>2.- Sobrecarga de proxectos que se ve obrigado a realizar.</li> <li>3.- Depende en exclusiva dos seus propios recursos técnicos e materiais, sobre todo para desenvolver o ensino non presencial.</li> <li>4.- Polas características do alumnado de EI e EP e por tratarse dun proceso máis centrado nos procesos que nos produtos, emprego limitado das TICs na avaliación de obxectivos e competencias.</li> </ol> |
|            | PERSONAL NON                  |  |   |

|                               |  |   |
|-------------------------------|--|---|
| <b>DOCENTE</b>                |  |   |
| <b>ALUMNADO</b>               | <p>1.- O emprego das novas tecnoloxías serve como elemento motivador.</p> <p>2.- Desde hai anos, nos curso máis altos de EP están a recibir información no centro sobre os perigos das contornas dixitais e a necesidade de facer un uso responsable das mesmas (ciberacoso, suplantación de identidade, phishing,...)</p> <p>3.- Desde 3º curso, emprego habitual de tecnoloxías para a súa aprendizaxe (AV, libro dixital, Worksheets,...)</p>   | <p>1.- Sobre todo en EI e primeiros cursos de EP, por coñecemento as TICs redúcense a un recurso para ver vídeos ou xogar.</p> <p>2.- Sen coñecementos suficientes para poder traballar na AV do Centro (agás nos derradeiros cursos de EP).</p> <p>3.- Perigo de confundir e priorizar o recurso sobre o obxectivo.</p> <p>4.- A necesidade de centrarse na aprendizaxe de procesos e non de produtos, limita o emprego das TICs na EI e primeiros cursos de EP agás como mero recurso de apoio (AV non apta para traballar nestes cursos).</p> <p>5.- Nas casas, as tecnoloxías dixitais empréganse preferentemente para o ocio e non como recurso de aprendizaxe.</p> <p>6.- Pola idade, non son moi conscientes dos perigos que se agochan na internet.</p> <p>7.- Non está capacitado para resolver problemas técnicos que xorden ao utilizar as tecnoloxías dixitais.</p> |
| <b>FAMILIAS</b>               | <p>1.- As familias valoran positivamente o emprego das TICs.</p> <p>2.- Reciben e envían comunicacións ao centro empregando as Tecnoloxías dixitais (páxina web, Abalar Móbil, correo electrónico,...)</p>   | <p>1.- En moitos casos, sen os coñecementos nin as infraestruturas suficientes para o ensino/aprendizaxe dixital.</p> <p>2.- En ocasións, non toman as suficientes precaucións nin realizan a necesaria supervisión sobre o alumnado cando está a empregar recursos dixitais (principalmente, web e xogos en entorno Android).</p>  |
